

REPORTEIRAS INTRÉPIDAS

«LEMBRO QUE TIÑA UNHA FAME INSACIABLE POLA INDEPENDENCIA, UNHA SEDE DE EXPLORAR OUTROS PAÍSES E SEN DÚBIDA NUNCA FUN UNHA DESAS MOZAS QUE SOÑABAN CO DÍA DA MIÑA VODA, O FUTURO E O NOME DOS MEUS FILLOS! PERO NON LEMBRO SER TAN APAIXONADA DAS VIAXES DE NENA COMO O SON AGORA. CREO QUE ISTO É EN PARTE POR CRECER NUN POBO MINEIRO NO INTERIOR DE AUSTRALIA NOS ANOS 80 CON SÓ 2 CANLES DE TELEVISIÓN E SEN INTERNET, AS MIÑAS ASPIRACIÓNS PARA VIAXAR ERAN LIMITADAS. PERO A MEDIDA QUE FUN CRECENDO E COÑECÍN A PERSOAS QUE VIAXARAN OU VIVIRAN/ESTIVERAN NO ESTRANXEIRO, O MEU INTERESE FOI CRECENDO E NO MOMENTO EN QUE SAÍN DE AUSTRALIA POR PRIMEIRA VEZ ENGANCHEIME. A MIÑA PAIXÓN POLAS VIAXES SÓ AUMENTOU DESDE ENTÓN»

Kellie Netherwood



Emilia Serrano de Wilson (Granada)



Molly Ferryll (EE.UU.)



Gerda Taro (Alemaña)

Luns Martes Mércores Xoves Venres Sábado Domingo

	1	2	3	4	5	6
	1931 Clara Campoamor defende nas Cortes o dereito ao voto feminino.	381-385 Exeria de Gallaecia escribe o seu diario de viaxe a Exipto e Palestina.	1916 nace en Ferrol M ^a de los Angeles Alvarino, pioneira na oceanografía en España.	1946 Nace Susan Sarandon, actriz comprometida coa paz e os DDHH.	1789 Na Revolución Francesa, miles de mulleres marchan a Versalles.	1565 Nace Marie Le Jars de Gournay, literata, filósofa e alquimista.
7	8	9	10	11	12	13
A Maria Mariño por "Palabra no Tempo" e "Verba que comeza".	2004 Wangari Maathai, ministra keniana, recibe o Nobel da Paz.	1653 Pasamento de Lucrecia Marinelli, poeta, filósofa e humanista italiana.	1931 As mulleres españolas logran o dereito ao voto.	DÍA INTERNACIONAL DA NENA 2008 Uxía Pedreira, cantautora galega, crea e dirixe o Centro de Música Popular de Galicia.	1942 Falece no exilio Amparo López Jean, integrante da Executiva do Partido Galeguista en 1936.	Comemórase anualmente o Ada Lovelace Day, celebración internacional dos logros das mulleres na ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas. s.XVIII M ^a Teresa Caamaño e M ^a Fca Isla, ilustradas galegas. A súa obra foi queimada.
DÍA das ESCRITORAS 14	Día Mundial da Muller Rural 15	16	17	18	19	20
1906 Nace Hannah Arendt, filósofa alemá e grande intelectual do século XX.	1888 Nace Teresa Iglesias Recio. Doutora especialista en doenzas da muller.	1992 Rigoberta Menchú, líder indixenista guatemalteca. Nobel da Paz.	1978 Inaugúrase a Librería de Mulleres de Madrid.	1890 Nace Ernestina Otero Sestelo, representante galega da Institución Libre de Enxeñanza.	1997 Pasamento da directora de cinema Pilar Miró.	1793 Durante a Revolución Francesa, o goberno dissolve os Clubes Femininos.
21	22	23	24	25	26	27
"O persoal é político", Kate Millet.	1961 Nace Belén Feliu na Coruña. Escritora e colaboradora da revista A Festa da Palabra Silenciada.	1900 Nace Delia Weber. Poeta e pintora, participou en Acción Feminista Dominicana.	1983 Créase no Estado Español o Instituto da Muller.	1938 Morte a poeta/poetisa Alfonsina Storni. <i>Te vas Alfonsina con tu soledad. ¿Qué poemas nuevos fuiste a buscar?</i>	1904 Nace en Carril María Arauxo, guerrilleira fuxida en Galiza e miliciana en Cuba.	1968 Falece Lise Meitner. Investigou sobre radiactividade e física nuclear.
28	29	30	31	Outubro 2019		
s.X Ilduara e Evara Nunes, educadoras de santos, reis e señores na Galiza altomedieval.	1958 Morte Zoe Akins, autora dramática e guionista. Premio Pulitzer de Teatro.	1989 Morte en Lugo Enriqueta Otero, guerrilleira republicana, defensora dos dereitos civís.	1711 Nace Laura Bassi. Traduciu e estudou a física de Newton, implantándoa en Italia.			

Tempo de mulleres, mulleres no tempo



REPORTEIRAS INTRÉPIDAS